




SENDA DO AVIA

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2017



Distancia: 10,5 km (lineal)
Dificultade: baixa



O Avia en Leiro

Una camiñada entre Leiro e Ribadavia


A senda do Avia percorre as beiras do río desde Ribadavia ata Pazos de Arenteiro. Propoñemos, desta volta, unha camiñada, ou un paseo en bicicleta, desde Leiro a Ribadavia.

Aínda que polo nome o pareza, non é un roteiro fluvial, senon un itinerario ben sinalizado que discorre, apartado do tráfico, por camiños vellos e pistas agrícolas, máis ou menos próximas á corrente, entre cultivos, polo bosque de ribeira, e por carballeiras asentadas nos humidaís.

Ao longo do percorrido atopamos poucos elementos relacionados co río a non ser dúas pontes recentes, de piares e taboa de formigón, e dous atrancos bastante estragados, que retiñan a auga para facer traballar muíños, pero o camino faise levadeiro. Os principais atractivos da viaxe atopámoslos no comezo e no final do traxecto, nas contornas de Leiro e Ribadavia. En Leiro podemos facer un percorrido circular, duns 3,5 km, pola beira do río no que destaca a presenza de varias pontes de diferentes épocas. Temos no comezo a ponte da estrada de estilo ecléctico característico das obras estruturais de entre os séculos XIX e XX, a pasarela peonil de acceso á área de lecer do Salgueiral, moderna e colgante, a ponte de poldras de estilo tradicional pero de coidada feitura, e por último a ponte medieval, de tres arcos, na que destaca a lixeireza e elevación do seu arco central. E ademais, moi preto, non á beira do río pero non máis alá de 500 m, atópase o mosteiro de san Clodio con elementos de varias épocas que abranguen desde o románico ao barroco.

E en Ribadavia temos a área de lecer da Veronza, ao pé dos viadutos da estrada e da autoestrada, e un paseo de case 2 km, que permite chegar ata a desembocadura do Avia no Miño, ao longo do que tamén atopamos varios atrancos de muíño, a ponte da estrada, a do ferrocarril e unha ponte peonil de madeira; pero para completar a xornada non podemos deixar de facer un percorrido pola vila e gozar dos seus moitos valores históricos, artísticos e etnográficos (castelo, murallas, barrio xudeu e igrexas de diferentes épocas e estilos).

A ruta pode completarse seguindo polo Avia ata a confluencia do Miño. Tamén podemos achegarnos ás Pozas de San Cristovo collendo un desvío despois de cruzar a ponte en A Quinza.



O Avia en Leiro



Ponte medieval de San Clodio (Leiro)



O Avia na Quinza



O Avia en Ribadavia,
coa ponte do tren




Pozas de San Cristovo.

Orixinadas por explotacións de áridos, na actualidade están naturalizadas e conforman unha zona de grande interese ecolóxico cunha gran diversidade de plantas e animais.



Ponte sobre o rego de Maquiáns
que desemboca no Avia na Veronza
(Ribadavia).



O Avia na Veronza (Ribadavia)



Muíño no Avia en Ribadavia